



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA PARA A SUPRESIÓN DE BARREIRAS DE COMUNICACIÓN

REUNIDOS

Dunha parte, don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, dona María Alonso Mesía, presidenta da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en diante FAXPG), con domicilio na rúa Félix Estrada Catoira, nº 3, baixo dereita, C.P. 15007 (A Coruña), con NIF G-15068091, constituída o 11 de novembro de 1979 en A Coruña, con facultades para a formalización do presente convenio por acordo da Asamblea xeral celebrada o 15 de xuño de 2024 e polo artigo 36.1 dos seus estatutos, inscritos no Rexistro Central de Asociacións por resolución do 10 de setembro de 2021.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

Primeiro. Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria,





Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías. Polo tanto ten entre os seus obxectivos contribuír á mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas, articulando medidas coma a de facilitar que os usuarios/as conten con servizos de videointerpretación en lingua de signos española, coma ponte de comunicación entre unha persoa que utilice a lingua oral e outra que utilice a lingua de signos, accesible desde distintos puntos das súas oficinas.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo. A Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas, establece no seu artigo 9:

“De conformidade coa presente Lei encoméndase aos poderes públicos promover a prestación de servizos de interpretes en lingua de signos españolas a todas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas, cando o precisen, nas diferentes áreas públicas e privadas que se especifican no presente capítulo. (...)”

En particular, o artigo 12 da Lei, “Relacións coas Administracións Públicas”, expresa:

“1. As Administracións Públicas competentes promoverán a prestación de servizos de intérpretes en lingua de signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas si as houbese, no caso de que así se solicite previamente, para as persoas que sexan usuarias da mesma, ao obxecto de facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas





coas Administracións Públicas.(...)”

Así mesmo, dentro da regulación do uso dos medios de apoio á comunicación oral, o artigo da Lei expresa que *“de conformidade coa presente Lei, encoméndase aos poderes públicos promover o uso dos medios de apoio á comunicación oral polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, nas diferentes áreas que se especifican no presente capítulo”*.

O artigo 21, “Relacións coas Administracións Públicas”, determina que *“as Administracións Públicas promoverán as condicións adecuadas, tales como formación e dispoñibilidade de medios de apoio á comunicación oral, para facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas coas Administracións Públicas”*.

En concreto, no artigo 23, “Medios de comunicación social, telecomunicacións e sociedade da información”, recóllese no seu número 3:

“3. Estableceranse as medidas necesarias para incentivar o acceso ás telecomunicacións a través de medios de apoio á comunicación oral (...).”

Pola súa parte, a Disposición Adicional sétima da Lei, “Axudas técnicas á audición”, expresa que *“os poderes públicos, no ámbito das súas competencias, achegarán financiamento para a adquisición de apoios técnicos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas”*.

Recollendo os principios da normativa estatal, a Lei 10/2014 de 3 de Decembro, de accesibilidade de Galicia fundaméntase, entre outros, no principio de accesibilidade universal. De forma específica, no seu artigo 34, establece que *“as administracións públicas promoverán a supresión de barreiras de comunicación e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, tales como os intérpretes de lingua de signos, que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, en todos os ámbitos e segundo o establecido na Lei 27/2007, de 23 de Outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas [...]”*.

No número 4 deste artigo establécese:

“4. Así mesmo, garantírase o dereito das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordocegueira a acceder acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral a todos os ámbitos de participación, sexan da carácter público ou privado, cando a persoa con





discapacidade auditiva ou xordocegueira así o requira”.

Deste modo, o artigo 37, “Acceso aos bens e servizos das administracións públicas de Galicia”, prescribe:

“1. Forman parte do obxecto da presente lei a accesibilidade e o deseño para todos no ámbito do acceso aos bens e servizos das administracións públicas, especialmente no referido aos recursos humanos e materiais e ás oficinas de atención ao público, así como no relacionado co acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos e ao desenvolvemento da Administración electrónica na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As administracións públicas de Galicia adoptarán as medidas necesarias para garantir a efectiva accesibilidade universal de calquera persoa nas súas relacións coa Administración, de acordo co marco normativo aplicable.”

Doutra banda, o Real Decreto 674/2023, de 18 de xullo, polo que se aproba o el Regulamento das condicións de utilización da lingua de signos española e dos medios de apoio á comunicación oral para as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, ven a reforzar – no seu artigo 11 - o papel das administracións na procura da accesibilidade das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas á comunicación e información e o exercicio dos seus dereitos na atención integral, a vivir de forma independente e a participar plenamente en todos os aspectos da vida. Concretamente, no seu artigo 12. “Acceso ós bens e servizos a disposición do público”, no apartado c. “Saúde”, punto 1º establece, entre outros aspectos, que “as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, facilitarán que os centros hospitalarios, unidades, servizos e programas do Sistema Nacional de Salud contén con servizos de interpretación de lingua de signos española, videointerpretación, guía-interpretación e mediación comunicativa, para garantir o acceso á información e á comunicación, que poderán ser utilizados por parte daquelas persoas usuarias que o soliciten previamente.”

Terceiro. Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das



comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

En particular, en desenvolvemento dos principios recollidos nas normas antes citadas, a Axencia pretende promover que as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, poidan dispoñer de medios de apoio á comunicación oral e intérpretes nas súas relacións coa administración autonómica, presenciais ou electrónicas.

Cuarto. Que a FAXPG - entidade sen ánimo de lucro inscrita no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia co número 2004/000107-2ª e no Rexistro autonómico da Xunta de Galicia de entidades prestadoras de servizos sociais nº E-0204 – ten como misión “acadar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a LSE como o noso valor principal”, tendo como propósito “que as persoas xordas vivan nun entorno accesible e inclusivo contando ca LSE”.

A FAXPG está composta por 8 asociacións: A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Vigo, Pontevedra e a ANPANXOGA.

Para alcanzar o seu obxectivo, a FAXPG ten como misión ser a entidade de referencia na Comunidade Autónoma Galega en:

- A representación dos intereses de todas as persoas xordas de Galicia.
- A prestación de servizos de calidade na atención a persoas xordas de Galicia e os seus familiares.
- A defensa e conservación da lingua de signos española.

De acordo cos seus estatutos, as actividades que realiza a FAXPG no están restrinxidas exclusivamente a beneficiar aos seus Membros Asociados, senon abertas a calquera posible beneficiario que reúna as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus propios fins.

- Dentro dos servizos dirixidos aos seus grupos de interese, a FAXPG presta o “Servizo de intérpretes de lingua de signos e guías intérpretes de persoas xordocegas”, que ten como misión “mellorar as condicións de participación e igualdade de oportunidades das persoas xordas a través da eliminación de barreiras de comunicación permitindo a comunicación entre as persoas





xordas e xordocegas e as persoas oíntes”. Este servizo é demandado polo seus usuarios tanto no ámbito público como privado.

A FAXPG traballa en aras da accesibilidade universal e pola eliminación das barreiras de comunicación en todos os ámbitos da sociedade incidindo principalmente na accesibilidade á información e la comunicación tanto a través de medios técnicos, posibles gracias ao avance das novas tecnoloxías, como a través dos intérpretes de Lingua de Signos.

Quinto. No marco exposto, as partes pretenden establecer mediante o presente convenio o marco de colaboración que permita acadar as finalidades que ambas teñen en común de promoción da prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, ao obxecto de facilitar as súas relacións coa administración pública galega.

- En particular, ao abeiro do presente convenio, a AMTEGA promoverá a prestación de servizos de intérpretes pola FAXPG ás persoas que o necesiten mediante achega económica que ten un carácter de interese público e carácter social, de acordo cos artigos 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Cumprir á encomenda prevista na Lei aos poderes públicos de promover a prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas.

- Incentivar, de acordo co previsto na Lei, o acceso ás telecomunicacións a través de medios de apoio á comunicación oral.

- Financiar á dispoñibilidade de medios de apoio á comunicación oral, para facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas coas Administracións Públicas.

- Establecer mecanismos de garantía do dereito das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordocegueira a acceder acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral que precisen nas súas relacións coa administración pública galega.

- Eliminar as barreiras e mellorar a accesibilidade do colectivo de persoas xordas, facilitando a intercomunicación e realización dos trámites necesarios para o exercicio dos seus dereitos.



- Garantir a efectiva accesibilidade universal das persoas nas súas relacións coa Administración xeral e sanitaria, de acordo co marco normativo aplicable.

Sexto. O presente convenio parte do recoñecemento legal da iniciativa social na prestación de servizos ás persoas por organizacións sen ánimo de lucro coa finalidade de apoiar a súa integración social.

Así, en particular, a AMTEGA, tendo en conta a natureza e peculiaridades que concorren na prestación de servizos ás persoas, non pretende a prestación directa por ela mesma ou mediante contrato do servizo ás persoas previsto neste convenio, se non que opta polo financiamento da prestación do servizo pola FAXPG, recoñecendo así a iniciativa, responsabilidade e autonomía na prestación deste por ela.

Sétimo. A colaboración da Amtega e da FAXPG xa se considerou de gran interese e asináronse doce convenios, o 7 de maio de 2013, o 2 de xaneiro de 2014, o 30 de abril de 2015, o 23 de decembro de 2015, o 14 de Xuño de 2017, o 9 de xullo de 2018, o 10 de abril de 2019, o 6 de maio de 2020, o 26 de febreiro de 2021, o 12 de Abril do 2022, o 7 de novembro de 2023, e o 23 de maio de 2024, coa finalidade de promover a supresión das barreiras de comunicación existentes e a mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas en todos os ámbitos mediante a utilización dos servizos de videointerpretación en lingua de signos española, accesible desde distintos puntos das súas oficinas.

Coa finalidade de darlle continuidade á promoción da supresión das barreiras de comunicación existentes e a mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas en todos os ámbitos é necesario asinar un novo convenio de colaboración.

En consecuencia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a FAXPG acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Finalidade e obxecto do convenio

O presente convenio de colaboración ten como finalidade promover a supresión das barreiras de





comunicación existentes e a mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas en todos os ámbitos mediante a utilización dos servizos de videointerpretación en lingua de signos española.

En particular, o obxecto do convenio consiste en articular a colaboración entre as partes para promover a prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, para facilitar as súas relacións coa administración pública galega, xeral e sanitaria. Para esta finalidade, polo carácter de interese público e carácter social desta actividade, a AMTEGA concede á FAXPG unha subvención para a organización e prestación por esta ás persoas que o precisen do seu “Servizo de intérpretes de lingua de signos e guías intérpretes de persoas xordocegas”.

Este servizo ás persoas prestarase baixo a dirección, responsabilidade e autonomía na súa organización e prestación polo seu titular, a FAXPG, sen prexuízo das previsións establecidas neste convenio e da colaboración entre as partes para permitir e posibilitar nas mellores condicións posibles a súa prestación.

Este convenio enmárcase dentro das accións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030.

Segunda. Descrición do proxecto obxecto da axuda

As actuacións que se desenvolverán pola FAXPG en base a este convenio de colaboración son as seguintes:

1. Videointerpretación na administración pública xeral:

Actuación que se levará a cabo a través dalgunha das modalidades seguintes:

- **Presencial:** Mediante un terminal, o usuario/a (persoa xorda) — situado/a no mesmo lugar que a persoa ouvinte coa que se quere comunicar — poñerase en contacto co servizo de videointerpretación, servindo este coma ponte de comunicación entre a linguaxe signada do usuario e a linguaxe falada do interlocutor, facendo a interpretación da lingua oral á lingua de signos española e da lingua de signos á lingua oral.

Características e condicións técnicas:

O servizo presencial prestarase pola FAXPG ás persoas usuarias en días laborais de luns a



venres (non festivos) coa seguinte distribución horaria:

De luns a venres de 08:00 a 20:00 h.

Cada terminal estará conectado a una liña ADSL ou cable.

- Vía Web: A través de Internet mediante un terminal (un PC, móvil o tablet con WebCam), o usuario/a (persoa xorda) poderá poñerse en contacto coa Xunta de Galicia a través do servizo de videointerpretación da FAXPG (mediante chamada telefónica a través dun terminal telefónico básico). O/a usuario/a que desexe iniciar a comunicación, establecerá contacto co sistema de videointerpretación da FAXPG indicando a persoa, entidade ou servizo na administración autonómica co que desexa contactar. Utilizando unha liña paralela, o/a video-intérprete contactará co destinatario/a na administración autonómica, e lle indicará que se vai a establecer a comunicación. A partir dese momento o/a video-intérprete actuará de ponte entre a lingua de signos e a lingua oral, permitindo así a comunicación entre a persoa xorda e a persoa ouvinte.

Características e condicións técnicas:

O servizo Web prestarase en días laborais de luns a venres (non festivos) coa seguinte distribución horaria:

De luns a venres de 08:00 a 20:00h

2. Videointerpretación nas urxencias sanitarias do Servicio Galego de Saúde (SERGAS):

Actuación que se levará a cabo a través dalgunha das modalidades seguintes:

- Presencial nas urxencias sanitarias de 14 hospitais e 90 PACs. Mediante un terminal, o/a usuario/a (persoa xorda) – situado/a no mesmo lugar que a persoa ouvinte coa que se quere comunicar – poñerá en contacto co servizo de videointerpretación, servindo este coma ponte de comunicación entre a linguaxe signada do/a usuario/a e a linguaxe falada do/a interlocutor/a, facendo a interpretación da lingua oral á lingua de signos española e da lingua de signos á lingua oral.

Características e condicións técnicas:



O servizo presencial prestarase pola FAXPG ás persoas usuarias 365 días ó ano, 24 horas ó día.

Cada terminal estará conectado a una liña ADSL ou cable.

- Vía Web o servizo telefónico de uxencias sanitarias 061: A través de Internet mediante un terminal (un PC, móbil o tablet con WebCam) , o/a usuario/a (persoa xorda) poderá poñerse en contacto co servizo telefónico 061 a través do servizo de videointerpretación da FAXPG (mediante chamada telefónica a través dun terminal telefónico básico). O/a usuario/a que desexe iniciar a comunicación, establecerá contacto co sistema de videointerpretación da FAXPG. Utilizando unha liña paralela, o/a video-intérprete contactará co servizo telefónico 061, e lle indicará que se vai a establecer a comunicación. A partir dese momento o/a video-intérprete actuará de ponte entre a lingua de signos e a lingua oral, permitindo así a comunicación entre a persoa xorda e a persoa ouvinte.

O servizo incluírá a devolución de chamadas desde o 061 á persoa xorda, segundo o protocolo establecido ó efecto.

Características e condicións técnicas:

O servizo Web prestarase pola FAXPG ás persoas usuarias 365 días ó ano, 24 horas ó día.

3. Interpretación a Lingua de Signos Española da formación presencial:

A lei 27/2007 do 23 de outubro, reconece as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas. A Federación dará apoio ás persoas xordas que asisten aos cursos, actividades e actuacións de dixitalización promovidas pola Xunta de Galicia.

Terceira. Obrigas da Amtega

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a AMTEGA obrígase a:

- Ao obxecto de posibilitar a execución do proxecto previsto na cláusula anterior, facilitará á FAXPG situar nos puntos de acceso recollidos no **Anexo II** deste convenio os terminais mediante os que se prestará pola FAXPG o servizo de interpretación á persoas xordocegas usuarias.





- Aos efectos indicados no parágrafo anterior, xestionará, se fose o caso, as autorizacións de entrada, ás dependencias da Xunta de Galicia e do SERGAS, do persoal técnico encargado da instalación e configuración do sistema, para a execución dos traballos necesarios para a prestación do servizo ás persoas usuarias.
- Designará un responsable do seguimento e xestión interna da actividade prevista neste convenio, designando, igualmente, as persoas de contacto autorizadas para realizar consultas.
- Facilitará a FAXPG o cumprimento das súas obrigas, proporcionándolle a información necesaria para a análise e resolución de incidencias.
- Proporcionará, cando proceda, a infraestrutura necesaria para a instalación dos equipos, cumprindo coas especificacións indicadas no presente convenio. A tal fin, serán de conta da Xunta de Galicia e do SERGAS a infraestrutura (liñas, equipos, etc.) necesaria para a conexión e uso desde ós puntos de atención, incluíndo a instalación, configuración e mantemento da mesma.
- A AMTEGA fará referencia á existencia do servizo prestado ás persoas pola FAXPG na información aos usuarios nas páxinas web institucionais en que proceda. En todo caso precisarase que se trata dun servizo prestado pola FAXPG baixo a súa responsabilidade e autonomía e se fará referencia ao presente convenio de colaboración.
- As comunicacións necesarias do lado da Xunta de Galicia e do SERGAS correrán por conta deles.

Cuarta. Obrigas da FAXPG

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a FAXPG obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de las personas físicas no que respecta ao tratamento de datos personais e á la libre circulación de estes datos e





polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos. Así mesmo, asegurará a confidencialidade dos datos achegados pola Xunta de Galicia e a confidencialidade, neutralidade e calidade dos profesionais (video-intérpretes) asociados.

- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas pola Xunta de Galicia e o SERGAS.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Para elo a FAXPG comprométese a entregar mensualmente un informe da actividade realizada no marco do presente convenio.
- △ Entregar todo o material que teña que entregar á administración autonómica dentro do marco deste convenio.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio, en particular nas actuacións públicas e informativas que desenvolva.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- Nomear un interlocutor responsable do servizo que actúe como interfaz único para este proxecto.
- Aos efectos de posibilitar o desenvolvemento do proxecto obxecto de axuda, FAXPG dotará aos terminais que se instalen nos puntos de acceso previsto no **Anexo II** deste convenio, de acceso a través de Web á plataforma SVISUAL, a través do que as persoas xordas poderán contactar cun video-intérprete.





- Levará a cabo a personalización dos videos de benvinda de acceso á plataforma SVISUAL, así coma un protocolo personalizado de atención ao usuario/a.
- A FAXPG comprométese a xustificar ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.
- Subministrar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- En relación aos gastos relativos a nóminas, cotizacións á seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre de cada anualidade, aos que fai referencia a cláusula quinta, o beneficiario está obrigado a acreditar o efectivo pagamento de ditos gastos con anterioridade, respectivamente, ao 15 de febreiro do 2026 e ao 15 de febreiro do 2027. Engadirase esta documentación unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables xurdidos na súa execución.
- O incumprimento destas obrigas dará lugar ao reintegro parcial da subvención. No caso de que o importe de subvención percibida polo beneficiario por aqueles conceptos sexa superior aos pagamentos efectivamente acreditados, procederá igualmente o reintegro parcial. No caso de que o importe de subvención percibida polo beneficiario por aqueles conceptos sexa inferior aos pagamentos efectivamente acreditados, a diferenza será a conta do beneficiario.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.”

Por outro lado a FAXPG presentou, previamente á sinatura do presente convenio:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.





- Declaración de “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”.
- Autorización á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio. Non obstante o anterior, a FAXPG poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.
- Declaración expresa na que manifesta a súa preferencia pola notificación electrónica, no que se refire a resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

Quinta. Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o fin do prazo de xustificación.

Os custos tales como dietas, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola FAXPG á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou





subministren ou agás que o gasto se houberse realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Para a súa admisión como subvencionable, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación da subvención. Quedan exceptuados da previsión anterior, segundo o establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os gastos relativos ás nóminas, cotizacións á Seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que se acreditarán mediante a presentación da documentación que xustifique a realización do gasto correspondente. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables non será preciso a acreditación do pagamento previo por parte de beneficiario.

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

Anualidade 2025:

SERVIZO DE VÍDEOINTERPRETACIÓN EN SERVIZOS DE INFORMACIÓN PRESENCIAL E TELEFÓNICA	
Concepto	Importe
Servizo de videointerpretación presencial e vía web, no que se inclúen: Servizo técnico SVISUAL. Horario: Luns a Venres de 08:00 a 20:00 hs. (Festivos non incluídos) Licenzas das liñas SVISUAL: 11 liñas non presenciais con liña externa única. 17 liñas presenciais con dotación e mantemento de terminais funcionais	9.135,98 €
Servizo de interpretación presencial a través de intérpretes de LSE	4.000,00 €
Migración MAUI	5.287,70 €
Dirección e soporte técnico do proxecto Intérpretes de Lingua de Signos Española	82.475,45 €
Gastos xerais e de administración (seguro de accidente, mutua, subministros)	3.500,00 €
TOTAL	104.399,13 €





SERVIZO DE VÍDEOINTERPRETACIÓN EN SERVIZOS DE ATENCIÓN DE URXENCIAS DO SERGAS	
Concepto	Importe
Servizo de interpretación en: 14 Servizos de urxencias hospitalarias 90 PACs Teléfono 061	33.033,00
Coordinación do proxecto	6.138,43 €
Técnico de apoio – Intérprete de Lingua de Signos Española	29.001,86 €
Total	68.173,29 €

TOTAL 2025	172.572,42 €
-------------------	---------------------

Anualidade 2026:

SERVIZO DE VÍDEOINTERPRETACIÓN EN SERVIZOS DE INFORMACIÓN PRESENCIAL E TELEFÓNICA	
Concepto	Importe
Servizo de videointerpretación presencial e vía web, no que se inclúen: Servizo técnico SVISUAL. Horario: Luns a Venres de 08:00 a 20:00 hs. (Festivos non incluídos) Licenzas das liñas SVISUAL: 11 liñas non presenciais con liña externa única. 17 liñas presenciais con dotación e mantemento de terminais funcionais	9.135,98 €
Servizo de interpretación presencial a través de intérpretes de LSE	4.000,00 €
Dirección e soporte técnico do proxecto Intérpretes de Lingua de Signos Española	82.475,45 €
Gastos xerais e de administración (seguro de accidente, mutua, subministros)	3.500,00 €
TOTAL	99.111,43 €



SERVIZO DE VÍDEOINTERPRETACIÓN EN SERVIZOS DE ATENCIÓN DE URXENCIAS DO SERGAS	
Concepto	Importe
Servizo de interpretación en: 14 Servizos de urxencias hospitalarias 90 PACs Teléfono 061	33.033,00
Coordinación do proxecto	6.138,43 €
Técnico de apoio – Intérprete de Lingua de Signos Española	29.001,86 €
Total	68.173,29 €
TOTAL 2026	167.284,72 €

Sexta. Dirección, medios humanos e materiais

A FAXPG, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.





As funcións do persoal adscrito ó presente convenio figuran no **ANEXO I**

Sétima.- Orzamento e obrigas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de trescentos trinta e nove mil oitocentos cincuenta e sete euros con catorce céntimos (**339.857,14 €**) con cargo á partida orzamentaria 10.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026, coa seguinte distribución por anualidades:

	2025	2026	TOTAL
10.A1.571A.781.0	172.572,42 €	167.284,72 €	339.857,14 €

O financiamento por parte da Amtega das actuacións obxecto do presente convenio será incompatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin, de acordo co artigo 17.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do artigo 40.1.d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

Oitava.- Xustificación

A FAXPG presentará ante a Amtega a xustificación parcial da subvención antes do 15 de decembro de 2025 e o prazo para presentar a xustificación final é o 20 de decembro de 2026. Presentarase a seguinte documentación xustificativa:

- Solicitude de pagamento.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, para o caso de non ter concedida — ou ter denegado o consentimento con posterioridade - a autorización á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria





de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas.

- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite de xustificación.
- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Documentación xustificativa que acredite a súa realización e que respondan á natureza da actividade subvencionada con relación ao gasto relativo ás nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houbesen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vencelladas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.



- Entregar cuberto o modelo de recompilación de datos, que aparece recollido como **Anexo III** do presente convenio.
- De ser o caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como do interese derivado destes.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Novena.- Pagamento

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá da anualidade prevista para cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O importe conxunto dos pagamentos á conta non poderá ser superior ao 80% do importe máximo do convenio.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e, no seu caso, comprobación material do investimento de conformidade co artigo 30, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima.- Minoración da subvención concedida

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu



clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Décimo primeira.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- a) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- b) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

Décimo segunda.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo das posibles prórrogas expresas por períodos anuais ata o máximo de 4 anos





ou addendas que, no seu caso, poidan acordarse nas que necesariamente figurarán as actuacións a desenvolver e o financiamento correspondente.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e dous representantes da FAXPG, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da Área de Administración Dixital, ou persoa que a substitúa.
- Pola FAXPG, a persoa que ostente a súa presidencia ou a xerencia, ou persoas nas que deleguen.

Esta comisión estará presidida polo director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

Previa invitación do Presidente, poderán asistir ás sesións da Comisión de Seguimento outras persoas, con voz e sen voto, cando a natureza dos asuntos a tratar o fagan conveniente.

Décimo cuarta.- Publicidade

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Asemade tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; en caso de incumprimento desta obriga, estarase ao disposto no





punto 4 do artigo citado.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos previstos.

Décimo sexta.- Modificación da concesión

1. No caso de alteración das condicións tidas en conta neste convenio, poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.
2. Así mesmo, cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, as partes poderán acordar a modificación do convenio a través da formalización da correspondente Addenda, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
 - b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
 - c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren



concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

Décimo sétima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Décimo oitava.- Interpretación

O presente convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Así mesmo, polo que se refire á subvención que se instrumenta mediante o convenio. Será aplicable o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ostenta a prerrogativa de interpretar e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, así como de modificalo e resolvelo, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Décimo novena.- Dereitos de explotación e propiedade intelectual

O material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición con licenza Creative Commons BY-SA (Recoñecemento – Compartir Igual).

A FAXPG se reserva o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio facendo constar o financiamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa





do presente convenio.

Vixésima.- Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia — Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Vixésima primeira.- Normativa aplicable



O presente convenio de colaboración rexerese especialmente por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

E, en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

O director da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

Julián Cerviño Iglesia

A presidenta de FAXPG

María Alonso Mesía





ANEXO I

FUNCIONS DO PERSOAL ADSCRITO Ó PRESENTE CONVENIO

Coordinación e dirección do proxecto

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Planificar e organizar as actividades da súa área en relación co servizo de videointerpretación obxecto deste convenio.
- Actuar de interlocutor entre a AMTEGA/SERGAS e o provedor de servizos tecnolóxicos, sen prexuízo dos procedementos de resolución de incidencias técnicas.
- Resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do convenio.
- Tratar queixas, suxestións e propostas de mellora dirixidas ao servizo de videointerpretación, en colaboración co/a responsable de calidade e a AMTEGA/SERGAS.
- Facer seguimento das actuacións vinculadas ao presente convenio e avaliar os resultados.
- Elaborar os informes que, a petición da AMTEGA/SERGAS lle sexan solicitados á FAXPG en relación coa execución do convenio.
- Elaboración de memorias e documentación xustificativa das accións do convenio.
- Difundir, de acordo coas indicacións da AMTEGA/SERGAS, os servizos derivados do presente convenio na súa área de actuación.
- Xestionar o orzamento vinculado ao convenio.
- Garantir o funcionamento do servizo mediante os requirimentos de bens e servizos á área de mantemento da FAXPG.
- Prestar asesoramento á AMTEGA/SERGAS sobre videointerpretación no desenvolvemento, mellora e/ou ampliación do servizo.
- Desenvolver accións de formación ao persoal da administración sanitaria vencellado ás accións previstas no convenio.
- Deseñar pímulas formativas, en formato online, para explicar o funcionamento da plataforma ao persoal sanitario que vai a facer uso da mesma, así coma nocións sobre o xeito de comunicarse coas persoas xordas.
- Actuar de interlocutor ante o SERGAS (Subdirección Xeral de Humanización e Atención á Cidadanía) para o seguimento e comprobación da funcionalidade de Svisual.
- Propor circuitos de comprobación do uso e funcionalidade da plataforma mediante unha mostraxe (acudir aos centros de maior uso da mesma tan pronto estea funcionando).





Técnico de apoio a funcionalidades SERGAS – Intérprete de LSE

- Ofrecer apoio técnico administrativo ao coordinador de accesibilidade na xestión do presente convenio.
- Desempeñar funcións de interpretación en toda a xestión vinculada ao convenio.
- Rexistrar e tratar datos vinculados ao convenio.
- Arquivar información e documentación vinculada ao convenio.
- Apoiar a elaboración de informes e memorias da área/servizo.
- Realizar tarefas administrativas vinculadas ao convenio.
- Preparar documentación para a xustificación do convenio.
- Resolver incidencias administrativas na súa área de actuación.
- Apoiar tecnicamente no requirido en calquera dos procesos de xestión do convenio.
- Apoio en lectoescritura ao coordinador de accesibilidade.

Responsable de soporte técnico e mantemento

- Será o responsable na FAXPG, do soporte e mantemento das comunicacións e elementos necesarios para o adecuado funcionamento técnico da plataforma.

Intérpretes de Lingua de Signos

- Serán os responsables da videointerpretacións nos servizos de atención presencial e telefónica da Xunta de Galicia
- Realizarán as interpretacións presenciais en acción formativas para persoas xordas que asisten aos cursos, actividades e actuacións de dixitalización promovidas pola Xunta de Galicia





ANEXO II

PUNTOS DE ACCESO AO SERVIZO DE VIDEOINTERPRETACIÓN

Indícanse a continuación os puntos de acceso ao servizo de videointerpretación. Os puntos de acceso identificados neste anexo poderán ser modificados de común acordo polas partes asinantes, en función de criterios de mellor prestación do servizo conveniado. A ubicación concreta de estes puntos estará permanentemente actualizada na páxina web da Xunta de Galicia www.xunta.gal.

a) Puntos de acceso presencial:

- 7 puntos en oficinas de rexistro e atención á cidadanía dos edificios administrativos da Xunta de Galicia principais, nas cidades de Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense.
- 8 puntos en oficinas de turismo, dependentes da Xunta de Galicia, localizadas nas cidades de Pontevedra, Vigo, dúas en Santiago, Lugo, Ferrol, Ourense e A Coruña.
- 2 puntos en centros sanitarios, do Servizo Galego de Saúde, localizadas na cidade de Santiago.

b) Puntos de acceso a distancia (en liña e a través da aplicación móbil SVisual):

- Xunta de Galicia - Teléfono de atención ao cidadán 012
- Servizo Galego de Saúde - Teléfono de consultas sanitarias 902400116
- Teléfono Saúde en liña 902.077.333
- Teléfono 112 de Emerxencias (AXEGA)
- Teléfono 085 de Incendios Forestais
- Teléfono da muller 900.400.273
- Teléfono Social 900.333.666
- Teléfono do Voluntariado 900.400.800
- Teléfono de axuda á infancia 116.111
- Servizo Galego de Apoio á mobilidade persoal - Teléfono 065
- Centro Quérote 981 22 39 13

c) Puntos de videointerpretación en servizos de urxencias do SERGAS





- Servizos de urxencias de 14 hospitais
- 90 Puntos de atención continuada (PACs)
- Teléfono de urxencias 061





ANEXO III

MODELO DE RECOMPILACIÓN DE DATOS

INDICADORES	RESULTADO
Nº de chamadas ó 061	
Nº de servizos de videointerpretación en urxencias sanitarias (hospitalarias e PACs)	
Nº de servizos de videointerpretación en servizos de información presencial y telefónica	
% de aumento de chamadas a servizos de información presencial y telefónica	
Nº de actividades formativas en NNTT con servizo de interpretación presencial a través de LSE	

